

**Resolución da Xerencia da Universidade de Santiago de Compostela, do 09 de febreiro de 2023, pola que se nomea a comisión especializada de selección da praza 2021-PG019 da convocatoria 1/2024.**

Con data 28 de decembro de 2023, publicouse a resolución da Xerencia da Universidade de Santiago de Compostela, pola que se convoca concurso público de méritos nº 1/2024, para a contratación de persoal investigador e de apoio á investigación no marco de actividades e programas de I+D+i que figuran no anexo á convocatoria, a través do procedemento de contratación ordinaria (CSV: **530F-DB36-41BD-87D2**).

A convocatoria de contratación establece os “órganos de selección, ao abeiro do artigo 5 do Regulamento de selección de persoal investigador e de apoio á investigación no marco de actividades e programas de I+D+i, aprobado por acordo do Consello de Goberno do 27 de setembro de 2019, son a Comisión Permanente, cuxa composición e funcións se recollen no seu artigo 6, e as *Comisións Especializadas de Selección*”.

Tendo en conta o artigo 7.2 do Regulamento de selección de persoal investigador e de apoio á investigación no marco de actividades e programas de I+D+i que establece que “*Os seus membros deberán absterse de intervir cando concorra neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23.2 da Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público debendo facer manifestación expresa das causas que concorran*”, e vistas as solicitudes presentadas polos tres membros da comisión nas que comunican a súa abstención de formar parte da comisión especializada de selección da praza 2021-PG019,

**Esta Xerencia resolve** aceptar as solicitudes de abstención dos membros da Comisión:

**REFERENCIA DA PRAZA 2021-PG019**

Nº solicitude: 2023/ 2259

Presidente/a: GONZÁLEZ CANTALAPIEDRA, ANTONIO

Secretario/a: LÓPEZ PEÑA, MÓNICA

Vogal: MUÑOZ GUZON, FERNANDO MARIA

E, de acordo coa proposta presentada polo investigador principal do proxecto, proceder súa substitución, quedando a actual composición como segue:

**REFERENCIA DA PRAZA 2021-PG019**

Nº solicitude: 2023/ 2259

Presidente/a: **MIÑO FARIÑA, NATALIA**

Secretario/a: **VARELA LÓPEZ, OSCAR**

Vogal: **ESPINO LÓPEZ, LUCIANO**

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela/Lugo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte a súa recepción, de conformidade cos artigos 46 e 8.2 a) da Lei da Xurisdición contencioso- administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso- administrativo

anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ó abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela

(Resolución do 26/09/2023, DOG 05/10/2023)

O xerente

Javier Ferreira Fernández

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

**Asinante/Firmante/Signer:** ANTONIO JAVIER FERREIRA FERNANDEZ, XERENTE, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 12/02/2024 16:55:24.

**CSV:** A2E3-1797-4028-8CC8